



DO 8 AO 11

“Xornadas de exaltación da artesanía teense”, organizadas pola Asociación de Artesáns de Teo – ARTENEO. Máis información nas redes sociais do Concello.

Dirixido a público xeral.

Lugar: casa común Marisa Mirás (Calo)

Entrada: con reserva previa en asociacionarteneo@gmail.com

9

XOVES

“I Xornada Teo con Esencia de Muller”, sesión de mindfunless e movemento corporal organizada polo Centro de Información á Muller.

Haberá servizo de canguraxe baixo petición previa.

Hora: 18.00 h

Lugar: Casa Común de Oza

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

10

VENRES

“Teo, Territorio Xacobeo”, tertulia sobre historia, cultura e tradición nos Camiños de Santiago. Terá unha duración aproximada de dúas horas.

Dirixido a público xeral.

Hora: 19.30 h

Lugar: capela do Espírito Santo (rúa de Francos-Calo).

Entrada: libre ata esgotar capacidade

11

SÁBADO

“Fadateo e os seus amigos”, obradoiro de animación á lectura. Contos, obradoiros artísticos para rapazada de 6 a 10 anos. Nesta actividade os nenos poderán quedar sós sen acompañamento.

Hora: 11.30 h

Lugar: biblioteca dos Tilos

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

“Corresponsabilidade e vida digna”, andaina organizada polo Centro de Información á Muller.

Hora: 10.30 h

Lugar: información a partir do 6 de abril en teo.gal

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

16

XOVES

“II Xornada Teo con Esencia de Muller”, sesión de sonoterapia e aromaterapia organizada polo Centro de Información á Muller. Haberá servizo de canguraxe baixo petición previa.

Hora: 18.00 h

Lugar: Casa Común de Oza

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

17

VENRES

“Obradoiro literario: A saúde mental nas historias”. Obradoiro para público adulto pertencente ao programa da Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña “Perspectivas literarias”.

Hora: 19.00 h

Lugar: biblioteca do Grilo - Cacheiras

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

18

SÁBADO

“Castro Lupario: Dominios da Raíña Lupa”. Ruta interpretativa da paisaxe cultural do val da Maía. Trátase dunha andaina circular de 7 km (sobre 4 horas de duración) polos dominios da Raíña Lupa no Couto de Francos, na linde entre os concellos de Teo, Brión, Ames e Rois. Dirixido a público xeral. Máis información en teo.gal/actividades.

Hora: 10.00 h

Lugar: Casa Común de Francos - Calo

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

“A lamprea do Ulla e a primavera”, actividade do Apego para crianzas de 0 a 6 anos. Máis información a partir do 6 de abril en na páxina oficial do Concello.

Hora: 11.00 h

Lugar: local de pescadores do Xirimbao

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

19

DOMINGO

Excursión mulleres a Baiona. Máis información a partir do 7 de abril en a páxina do Concello. Organiza o Centro de Información á Muller. As prazas serán limitadas e deberanse anotar a través de teo.gal/actividades

21

MARTES

“Sesión do Club de Lectura das Bibliotecas Municipais”. Para máis información contactar coas bibliotecas.

Hora: 20.00 h

Lugar: biblioteca do Grilo - Cacheiras

Entrada: Reservado a persoas inscritas no Club de lectura.

23

XOVES

“III Xornada Teo con Esencia de Muller”, sesión de arteterapia organizada polo Centro de Información á Muller. Haberá servizo de canguraxe baixo petición previa.

Hora: 18.00 h

Lugar: Casa Común de Oza

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

24

VENRES

“Contacontos arredor dos Bolechas. Familias acolledoras”. Lectura dinamizada a cargo da Asociación Acougo e financiada pola Consellería de Política Social e Igualdade. Para público de 3 a 8 anos.

Hora: 18.00 h

Lugar: biblioteca dos Tilos

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades

25

SÁBADO

Desfile e recreación histórica popular da Batalla de Cacheiras, con motivo do seu 180 aniversario. O percorrido será desde o monumento a Ánxel Casal ata o alto de Montouto (aproximadamente 1 quilómetro). Dirixida a todos os públicos.

Hora: 11.30 h

Lugar: monólito Ánxel Casal

30

XOVES

“IV Xornada Teo con Esencia de Muller”, sesión de biodanza organizada polo Centro de Información á Muller. Haberá servizo de canguraxe baixo petición previa.

Hora: 18.00 h

Lugar: Casa Común de Oza

Entrada: con reserva previa en teo.gal/actividades